

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------|------------|---------------|
| 15005233 | Agra do Orzán | Coruña (A) | 2024/2025 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|----------------------------------|---------------------------|-------------------------|------------------------------------|------------------------|
| AFD | Actividades físicas e deportivas | CD3AFD000200 | Acondicionamento físico | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|---|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP1709 | Itinerario persoal para a empregabilidade I | 2024/2025 | 4 | 107 | 128 |
| MP1709_12 | Prevención de riscos laborais | 2024/2025 | 4 | 50 | 60 |
| MP1709_22 | Empregabilidade e relacións laborais | 2024/2025 | 4 | 57 | 68 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|-----------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | ANTÍA MARTÍNEZ CASTRO |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación didáctica do módulo de Itinerario persoal para a empregabilidade I será aplicada no Ciclo Superior de Acondicionamento Físico no IES Agra do Orzán (A Coruña)

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector das actividades físicas e do deporte.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo, e as competencias necesarias.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativoprofessionalizadores, en especial no referente ao sector das actividades físicas e do deporte.
 - Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego.
 - Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.
 - Manexo de fontes de información, incluídos os recursos da internet para a procura de emprego.
 - Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e elaboración do currículo Europass).
 - Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
 - Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e repostas a súa convocatoria.
 - Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
 - Estudo das condicións de traballo do sector das actividades físicas e do deporte a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector.
 - Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
 - Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.
- O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos con conexión a internet.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|------------|--------------------|----------|
| 1 | A saúde laboral | | 16 | 11 |
| 2 | Os riscos profesionais: avaliación e prevención | | 22 | 11 |
| 3 | A xestión da prevención e os primeiros auxilios na empresa | | 22 | 11 |

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|------------|--------------------|----------|
| 4 | A relación laboral e o convenio colectivo | | 9 | 8 |
| 5 | O contrato de traballo | | 10 | 10 |
| 6 | O salario | | 10 | 10 |
| 7 | Modificación, suspensión e extinción do contrato laboral | | 9 | 9 |
| 8 | A seguridade Social | | 10 | 10 |
| 9 | A carreira profesional, o Sector Profesional e a empregabilidade | | 20 | 20 |

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------|----------|
| 1 | A saúde laboral | 16 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente | NO |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título |
| CA1.2 Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais |
| CA1.5 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| <p>Marco normativo.</p> <p>0 Composición da caixa de primeiros auxilios.</p> <p>Actuación en caso de risco grave e inminente.</p> <p>Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.</p> <p>Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.</p> <p>Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.</p> <p>Actuación responsable en situacións de emerxencia e primeiros auxilios.</p> <p>Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais.</p> <p>Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención.</p> <p>Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).</p> <p>Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias.</p> <p>Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios.</p> |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 2 | Os riscos profesionais: avaliación e prevención | 22 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente | NO |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.3 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| <p>Protocolos de actuación ante diversas situacións de emerxencia na empresa.</p> <p>0Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.</p> <p>Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral.</p> |

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 3 | A xestión da prevención e os primeiros auxilios na empresa | 22 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente | NO |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia |
| CA1.6 Clasificáronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos |
| CA1.7 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.8 Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención |
| CA1.9 Identifícaronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| <p>Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais.</p> <p>Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos).</p> <p>Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade.</p> <p>Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.</p> <p>Relación entre traballo e saúde.</p> <p>Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo.</p> <p>Principais técnicas de prevención.</p> <p>Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo.</p> <p>Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral.</p> |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 4 | A relación laboral e o convenio colectivo | 9 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título |
| CA4.3 Identifícaronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Dereito do traballo. |
| Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación. |
| Dereitos e deberes derivados da relación laboral. |
| Análise da relación laboral individual. |
| Análise do recibo de salario e das súas partes. |
| Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. |

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|------------------------|----------|
| 5 | O contrato de traballo | 10 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA4.2 Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| <p>Novas contornas na organización do traballo e as súas implicacións nas relacións laborais.</p> <p>Seguridade Social e estado do benestar.</p> <p>Retos laborais derivados da contorna dixital.</p> |

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------|----------|
| 6 | O salario | 10 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.4 Identifícanse os compoñentes do recibo de salario |

4.6.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Prestacións contributivas da Seguridade Social (incapacidade temporal e permanente, nacemento de fillos e fillas, morte e supervivencia, e xubilación). |

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 7 | Modificación, suspensión e extinción do contrato laboral | 9 |

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA4.5 Identifícaronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral |

4.7.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo. |
| Conflitos colectivos na empresa. |
| Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación. |
| Representación das persoas traballadoras na empresa. |

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---------------------|----------|
| 8 | A seguridade Social | 10 |

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.6 Analízouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía |
| CA4.7 Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral |

4.8.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| <p>Estrutura do sistema de Seguridade Social.</p> <p>Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.</p> <p>Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc.</p> <p>Protección por desemprego: requisitos e trámites. Cálculo da prestación.</p> <p>Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais.</p> |

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 9 | A carreira profesional, o Sector Profesional e a empregabilidade | 20 |

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título | SI |
| RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folia de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais | SI |
| RA3 - Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma recoñecendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe con uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, sendo coherente coa súa identidade dixital e cos seus propios obxectivos profesionais, expostos no seu plan de desenvolvemento individual | SI |

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional |
| CA1.2 Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado |
| CA1.3 Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo |
| CA2.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococñecemento |
| CA2.2 Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título |
| CA2.3 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego |
| CA2.4 Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional |
| CA2.5 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego |
| CA2.6 Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional |
| CA2.7 Identificáronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais |
| CA2.8 Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador |
| CA2.9 Identificáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional |

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.10 Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral |
| CA2.11 Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego |
| CA3.1 Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias |
| CA3.2 Identificouse a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral |
| CA3.3 Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade |
| CA3.4 Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade |
| CA3.5 Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade |
| CA3.6 Xustificouse o deseño da súa contorna de aprendizaxe baseada en como esta mellora a empregabilidade |
| CA3.7 Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade |
| CA3.8 Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional |
| CA3.9 Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual |

4.9.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura. |
| Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo. |
| Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública |
| Competencias persoais e sociais máis demandadas no mercado laboral actual. |
| Tendencias do mercado laboral e oportunidades emerxentes. |
| Traballo por conta allea e traballo por conta propia. |

Contidos

Traballo na Administración pública.

Identificación e descrición dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requiridas.

Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking.

Oportunidades de formación e emprego en Europa.

A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.

Autoconecemento, autonomía persoal e auto percepción.

Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.

Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.

Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.

Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.

Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.

Habilidades de organización e xestión.

Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.

Identificación e análise dos itinerarios formativos profesionais relacionados co título do ciclo formativo.

Conflicto: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.

Autoanálise e avaliación do potencial profesional en relación cos requisitos actuais do perfil profesional do título. DAFO persoal.

Información sobre a estrutura do sistema educativo.

Habilidades sociais e habilidades de comunicación.

Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.

Estratexias para superar as eivas de comunicación.

Identificación e autoanálise de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.

Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.

Contidos

Concepto e características.

0Deseño dunha contorna persoal de aprendizaxe para o desenvolvemento persoal e profesional.

Necesidade dunha avaliación periódica do progreso.

Pegada e reputación dixital.

Relevancia para a empregabilidade..

Protección de datos persoais e identidade dixital.

Ferramentas e fontes de información e formación: cursos en liña ou webinarios; libros, blogs; plataformas, aplicacións móbiles; certificacións en liña; grupos de discusión.

Identificación e análise das necesidades persoais de aprendizaxe para a empregabilidade.

Rede persoal de aprendizaxe: redes sociais, profesionais e de comunicación.

Concepto.

Importancia do plan como ferramenta para maximizar o potencial e o desenvolvemento persoal e profesional.

Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. Riscos derivados dunha xestión inadecuada.

Contorna de aprendizaxe para a empregabilidade.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles están previstos para cada unidade didáctica no apartado anterior.

Na avaliación, consideraranse, en todo caso, aqueles criterios de avaliación marcados como mínimos exixibles en cada unidade didáctica.

A cualificación levarase a cabo de forma parcial, ao remate das unidades didácticas ou grupo delas que conforman cada unha das unidades formativas e tamén ó longo de todo o proceso de ensinanza.

O sistema de avaliación terá lugar fundamentalmente mediante:

Realización de probas escritas de exame, teóricas e / ou prácticas segundo a unidade e traballos individuais (cando a profesora considere necesario a realización dos mesmos, previsiblemente un por unidade).

O 80% da cualificación numérica final corresponderá á obtida nas unidades didácticas 1 a 8, obténdose mediante a realización de probas escritas de exame e a entrega de traballos, do seguinte xeito:

-As probas escritas e prácticas de exame consistirán en preguntas test ou verdadeiro ou falso xustificadas, preguntas curtas e/ou supostos prácticos.

Estas probas escritas de exame teórico-prácticas, terá unha ponderación do 70% sobre a nota final de cada unidade das unidades didácticas 1 á 8.

-Os traballos e actividades de aula (no caso de que a profesora indique a súa entrega) terán unha ponderación do 30% sobre a nota final de cada unidade das unidades didácticas 1 á 8.

Tanto nas probas escritas de exame como nos traballos entregados, deberá alcanzarse como mínimo un 4,5 sobre 10 na súa cualificación para poder facer a media cos demais instrumentos de avaliación ponderados cos pesos indicados anteriormente. Para a superación de cada unidade didáctica é REQUISITO NECESARIO obter un 5 sobre 10 como mínimo, na cualificación final de cada unidade, aplicando as porcentaxes (70% exame - 30% traballos) en cada unha delas. Se o alumno/a non supera algunha das probas escritas (traballos ou exame), a docente indicarlle o xeito de recuperación das mesmas en cada caso.

A unidade didáctica 9 terá un peso do 20% da cualificación numérica final e avaliarase mediante a realización dun traballo escrito que o alumnado deberá entregar á docente en prazo e forma. Neste traballo debe obter como mínimo un 5 sobre 10 para acadar a súa avaliación positiva e facer a media ponderada coas demais unidades didácticas.

Comprobarase na aplicación de cada instrumento de avaliación utilizado o grao de consecución dos mínimos esixibles.

A/o alumna/o deberá entregar todas as actividades propostas pola profesora e terá que acadar mínimo dun 4,5 sobre 10 en cada actividade para que poida mediar co resto de actividades.

Das unidades didácticas 1 á 8 (80% do peso na cualificación final): Para aprobar a avaliación, será obrigatorio que o alumno obteña de media un 5 ponderados o 70% de probas escritas realizadas ata o momento e o 30% de traballos e actividades de aula (tendo mínimo un 4,5 en cada un para a realización da media). En caso contrario o alumno deberá recuperar os exames, traballos ou actividade que tivera suspensos. Se o alumno suspendese, a profesora establecerá os sistemas de recuperación que estime oportunos.

No caso da unidade didáctica 9, como xa se explicou anteriormente, será avaliada cun traballo que terá un peso total do 20% na cualificación numérica final. Deberá obterse, como mínimo, un 5 sobre 10 para superar este traballo e facer media co 80% correspondente ás unidades didácticas 1 a 8.

Para alcanzar unha avaliación final positiva no módulo será necesaria que o/a alumno/a obtivera cualificacións iguais ou superiores a cinco puntos, sobre dez, en todas as avaliacións.

No caso de o docente detectar prácticas fraudulentas nalgunha proba escrita (exame ou traballo) como copia, plaxio, uso inadecuado de dispositivos electrónicos, utilización do Chat GPT, etc. ou similares a

calificación de devandita proba será de 0

puntos sobre 10 e terá que recuperarse na recuperación final de Xuño esa parte. No caso de detectar reincidencia nestas prácticas, o alumno ou alumna en cuestión terá que realizar a proba de avaliación final da materia.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos e alumnas co módulo suspenso que tiveran promocionado ao segundo curso do ciclo formativo terán que realizar os traballos que lles vaian indicando os profesores que impartan o módulo no primeiro curso do ciclo no presente curso.

Para marcar as actividades/traballos que deberá realizar cada alumno os docentes do presente curso terase en conta o informe individualizado de avaliación que fixo o docente do curso anterior sobre el.

Esta recuperación farase mediante un único exame final teórico-práctico a non ser que o profesor valore, en concordancia co alumnado co módulo pendente, a posibilidade de realizar probas escritas parciais ou algún traballo dalgunha parte concreta máis práctica.

No caso de realizarse probas parciais a calificación numérica obterase realizando a media aritmética das mesmas.

No caso de o docente detectar prácticas fraudulentas nalgunha proba escrita (exame ou traballo) como copia, plaxio, uso inadecuado de dispositivos electrónicos , etc. a calificación de devandita proba será de 0 puntos sobre 10.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que supere o límite de faltas de asistencia do 10% das horas totais do módulo, establecido legalmente, perderá o dereito a avaliación continua, e deberá presentarse, para superar o módulo a unha proba extraordinaria de avaliación despois da terceira avaliación e antes da avaliación final de módulos onde se examine de tódolos CAs traballados ao longo do curso.

Para a súa superación deberá obter como mínimo un 5 sobre 10 puntos na proba escrita realizada.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación irá aparelado á avaliación da propia práctica docente, indicando o grao de cumprimento da mesma e, en caso de desviacións, facer unha xustificación razoada dos motivos.

- Durante as reunións de departamento irase dando conta das incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento do establecido na programación.
- Ao final de cada trimestre na reunión de departamento realizaremos un seguimento específico das distintas programacións ao longo dese trimestre, tomando nota das incidencias detectadas así como das decisións que se adoptan ao respecto.
- Ao final do curso o departamento fará unha valoración global do grao de cumprimento da programación e establecerá un plan de mellora, de ser necesario, para o vindeiro curso.

Durante todo o curso tomarase nota por parte da docente de aquelas cuestións que se consideren relevantes no desenvolvemento da programación.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Na aula, na primeira sesión, realizaremos unha proba escrita de avaliación inicial para ver os coñecementos dos que partimos así como as dificultades que nos podemos atopar de cara a poder adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe no caso de atoparnos con alumnos con dificultades de aprendizaxe ou outras circunstancias adaptables.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso excepcional de serean necesarias medidas de reforzo educativo realizaranse modificacións das actividades, traballos, métodos ou grupos de traballo. En particular, adoptaranse medidas consistentes en:

- Reforzos educativos a través do asesoramento docente na elaboración de tarefas de especial dificultade.
- Reservar, ao longo das clases, momentos para que o alumno poida preguntar dúbidas.
- Sesións de apoio fóra do horario lectivo (recreos ...)

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

a) Educación moral e cívica. Cos seguintes obxetivos:

1. Recoñecer a propia identidade e tomar conciencia das súas capacidades persoais como medio para alcanzar unha progresiva e sólida autoafirmación da personalidade.
2. Formarse unha imaxe axustada de si mesmo que lle permita asumir a súa propia vida.
3. Utilizar o diálogo nas negociacións de convenios colectivos e na resolución de posibles conflitos laborais.
4. Analizar os valores que rexen o funcionamento dunha empresa e adoptar xuízos e actitudes persoais respecto deles.
5. Participar en actividades de grupo dentro da empresa, con actitudes solidarias e tolerantes, recoñecendo e valorando a diferenza entre as persoas.
6. Analizar de forma crítica os valores que rexen os equipos de traballo para adoptar posturas persoais.
7. Mostrar esforzo por integrarse nun equipo de forma efectiva.

b) Educación para a saúde. Cos seguintes obxetivos:

1. Establecer relacións equilibradas coas persoas, baseadas no respecto e interese polos outros, pola súa contribución ao equilibrio emocional persoal e grupal eliminando o estrés.
2. Coñecer e adoptar modos de vida sans dentro do ámbito laboral, comprendendo e asumindo as consecuencias que se derivan deles
3. Reflexionar sobre as razóns que conducen a prácticas sociais e ambientais non saudables dentro do ámbito laboral, e rexeitalas optando por valores que favorecen o benestar.

c) Educación ambiental. Cos seguintes obxetivos:

1. Interesarse por coñecer e comprender realidades ambientais, do propio posto de traballo e da empresa en xeral, comprendendo como inciden nas propias actitudes e comportamentos e no equilibrio do ámbito.
2. Sentir respecto e implicación na mellora e a conservación do medio dentro do ámbito laboral.
3. Coñecer e reflexionar sobre os problemas ambientais de ampla resonancia no mundo actual.

d) Educación para a paz. Cos seguintes obxetivos:

1. Valorar a autoestima e a seguridade persoal.
2. Ser capaz de superar inhibicións e prexuízos, tanto nas actuacións individuais coma nas colectivas, canalizando a propia agresividade cara a actitudes que promoven o ben común.
3. Defender o valor intrínseco do diálogo como manifestación pacificadora e proba de racionalidade fronte ao uso de condutos coactivos e de forza.

e) Educación para a igualdade entre os sexos. Cos seguintes obxetivos:

1. Participar nas actividades de grupo de forma responsable, solidaria e construtiva, apreciando a diferenza como riqueza colectiva.
2. Mostrar esforzo por modificar as actitudes violentas, evitando agresións verbais, menosprezos ou comentarios despectivos.
3. Coñecer os mecanismos e os valores do funcionamento social.
4. Distinguir elementos discriminatorios no ámbito e introducirse na crítica obxectiva da utilización sexista da linguaxe.

f) Educación nas novas tecnoloxías. Cos seguintes obxetivos:

1. Adoptar actitudes favorables na incorporación, o uso e a actualización das novas tecnoloxías.
2. Utilizar os instrumentos que ofrece a tecnoloxía nos procesos de busca de emprego.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

En principio non se contemplan actividades complementarias nin extraescolares, aínda que sempre é valorable a participación no programa eduemprende ou nalgunha actividade sobre Prevención de Riscos e como actuar ante unha situación de emerxencia, primeiros auxilios, etc.

10.Outros apartados

10.1) Libro de texto

O libro a utilizar para levar a cabo a docencia será o de Paraninfo "Itinerario Personal para la Empleabilidad I"
Autores: José Carlos González Acedo e Rosario Pérez Aroca